

EIXE 2 | A Recuperación como meta

SENDA

Entidade executante

Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela (<https://www.caritas-santiago.org/>)

Ámbito territorial

O programa desenvólvese no concello de Santiago de Compostela nas instalacións do CASC VIEIRO.

Persoas destinatarias

Persoas en situación de sen fogar con Trastorno Mental Severo e con factores de exclusión social engadidos como a adicción, enfermidade física, pobreza económica e illamento social e familiar.

Obxectivos

Xeral: é o de deseñar estratexias de apoio emocional para a captación de persoas que teñan un diagnóstico ou sospeita de TMG

Específicos:

Atraer e vincular á persoa atendida cara á Rede Asistencial no seu nivel básico cubrindo algunha das súas necesidades primarias (alimentación, hixiene, comunicación, etc.).

- Achegar a persoa atendida aos distintos recursos da comunidade local .
- Coordinar o programa con aqueles recursos e entidades de carácter xeral, tanto sanitario como social, así como cos específicos en saúde mental

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Metodoloxía

O Programa Senda está dirixido a persoas en situación de sen fogar con trastorno mental severo ou con sospeita de padecelo.

O programa pretende dotar de habilidades necesarias para un axuste persoal e social que non se atopan próximas nin cómodas nos sistemas públicos de sanidade e de servizos sociais, acompañalas progresivamente a recursos normalizados, tanto sociais como sanitarios, e a través deste centro ofertar estes servizos para poder atraer as persoas máis deterioradas e cronificadas, e motivalas a un programa de apoio emocional que trate de minimizar o illamento social e conseguir a vinculación necesaria para un correcto tratamento da súa enfermidade mental.

Este traballo faise a través da técnica de Entrevista Motivacional xa que para os programas de redución de dano, porque favorece a adherencia o tratamento e a outras modalidades psicoterapéuticas.